

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 25 de maio de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e cinco de maio de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Álvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(567).- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 18 DE MAIO DE 2012.

Apróbase a acta da sesión ordinaria do 18.05.2012. Deberá incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(568).- NORMAS DE FUNCIONAMENTO INTERNO DO ALBERGUE MUNICIPAL SITO NA RÚA MARQUES DE VALTERRA Nº 6. EXPTE. 73183/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de área de Política de Benestar, do 15.05.2012, conformado pola concelleira delegado de Política de Benestar, e co informe xurídico do secretario da Administración Municipal, do 22.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o texto das normas de funcionamento interno do albergue municipal sito na rúa Marques de Valterra nº 6.

3(569).- CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ASOCIACÍONS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS PARA O EXERCICIO 2012. EXPTE. 72786/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas de Servizos Sociais, do 7.05.2012, conformado polo xefe de área, pola concelleira delegada de Política de Benestar e pola concelleira de Economía e Facenda, e co informe xurídico do secretario da Administración Municipal, do 8.05.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 21.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Aprobar a convocatoria específica para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades da área dos servizos sociais, para o exercicio 2012.
- 2.- Autorizar o crédito de 50.000 € con cargo á partida 2310.489.00.00 "Subvencións a asociacións, entidades, etc." do vixente orzamento.

4(570).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) EDNON S.L. EXPTE. 4049/241

Visto o informe do interventor xeral, do 25.04.12, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 21.05.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a EDNON, S.L. as fianzas de 927,68 E 2.486,55 € constituídas para responder das sub. Equipamentos comunicacións e torre discos CX-400 xa que foron mediante acta de 01/2009, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

B) SUSO FERNÁNDEZ-DICONSA S.L. EXPTE. 4095/241.

Visto o expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 21.05.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a SUSO FERNANDEZ S.L. a fianza de 6.957,78 € constituídas para responder da rehabilitación do polideportivo de El Carballal xa que as obras foron recibidas mediante acta de 5.09.2007, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

C) FREMAP. EXPTE. 4101/241.

Visto o expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 21.05.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a FREMAP MUTUA AA.T. Y EE. PP. SS Nº 61 a fianza de 30.000 € constituídas para responder das Adj. Concurso Mutua AA.T. Y EE. P/Pens. Concello de Vigo xa que os servizos foron recibidas mediante acta de 8.05.2012, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

D) REFLEXIÓN ARTS S.L. EXPTE. 4064/241.

Visto o expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 21.05.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a REFLESION ARTS. SL. a fianza de 2.850 € constituída para responder do Material son. e grab. centro actividades Vigosónico xa que a subministración foi recibida mediante acta de 30.04.2012, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

E) IMES API, S.A. EXPTE. 4108/241.

Visto o expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 21.05.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a IMES API, S.A. a fianza de 3.111,92€ constituída para responder do subministro de material eléctrico xa que foi recibido mediante acta de 15.12.2012, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

F) ACELEC S.L. EXPTE. 4005/241.

Visto o expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 21.05.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a ACELEC INSTALACIONES ELECTRICAS S.L. a fianza de 8.620,64€ constituída para responder das obras de mellora alumado público en barrios e parroquias xa que as obras foron recibidas mediante acta de 18.04.2012, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

G) SUSO FERNÁNDEZ S.L. EXPTE. 4094/241

Visto o expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 21.05.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a SUSO FERNANDEZ S.L. a fianza de 1.642,86€ constituída para responder das obras de execución pista polideportiva C/Luis Kasado xa que as obras foron recibidas mediante acta de 23.01.2012, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

H) EIRIÑA S.L. EXPTE. 4093/241.

Visto o expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 21.05.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a CONSTRUCCIONES EIRIÑA S.L. a fianza de 7.910.-€ constituída para responder das obras de renovación redes de subministro auga e outros, entorno Subida ó Castelo, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 05.11.2010, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

5(571).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DOS SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR (SAD) ENTRE O 1.06.2012 E O 31.05.2013. EXPTE. 38732/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 4.05.2012, conformado pola concelleira delegada de Contratación, e co fiscalizado de conformidade da xefa do servizo de Fiscalización, do 18.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º.- Autoriza-la prorroga para o período comprendido entre o 1 de xuño de 2012 e o 31 de maio de 2013 do contrato para a execución dos servizos de axuda no fogar (SAD), adxudicado á empresa Clece, S.A. Por acordo da Xunta de Goberno Local o 22 de maio de 2009, a prorroga do contrato ascende a cantidade de 2.982.593,52 euros, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputaran á partida 2310.2279901, 1.739.846,22 do presuposto do ano 2012 e 1.242.747,30 euros a mesma partida do ano 2013”

6(572).- AUTORIZAR Á AGRUPACIÓN DE ATLETISMO ESCOLAR XÓVENES ATLETAS A ORGANIZAR O VINDEIRO DOMINGO 3.06.2012, O CROSS ESCOLAR BEADE E ARREDORES. EXPTE. 11232/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.05.2012, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar Agrupación de Atletismo Escolar Xóvenes Atletas a organizar o vindeiro domingo 3 de xuño de 2012, o Cross Escolar Beade e arredores. O dito Cross comezará ás 10.00 horas e rematará ás 13.30 horas, cun

percorrido pola zona de Beade e arredores con saída e chegada no Centro Cultural de Beade”.

7(573).- AUTORIZAR Á AGRUPACIÓN DEPORTIVA MONTECASTELO A ORGANIZAR O VINDEIRO 26.05. 2012, A CARREIRA POPULAR COLEXIO MONTECASTELO NAS INMEDIACIÓNS DO PARQUE COMERCIAL DA GANDARIÑA. EXPTE. 11230/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.05.2012, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar á Agrupación Deportiva Montecastelo, a organizar o vindeiro día 26 de maio de 2012, a “Carreira popular Colexio Montecastelo”, que terá a súa saída ás 10 horas nas inmediacións do parque Comercial da Gandariña, con subida cara ao colexio Las Acacias polo camiño da Parrocha, baixada polo camiño dos Ceiróns e subida ao Penedo, cruce por riba a A-55 e rúa Paz Pardo ata o colexio. O remate do evento será ás 11 horas, aproximadamente”.

8(574).- AUTORIZAR Á AA.VV DE NAVIA A ORGANIZAR O VINDEIRO 27.05.2012, O EVENTO DENOMINADO VII MARCHA CICLISTA A NAVIA. EXPTE. 11231/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.05.2012, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar a Francisco José Piñeiro Lorenzo , a organizar o vindeiro domingo 29 de maio de 2011, o evento denominado “**VI MARCHA CICLISTA A NAVIA** “ a marcha terá a saída as 10.30 horas dende a rúa Teixugueiras e rematará ás 12.30 horas na Devesa de San Paio de Navia, percorrendo as rúas, rúas Ufas, Pedraseixa, Poza do Cabalo, Teixugueiras, san Paio de Navia, rúa do Rio, avda de Samil, avda de Europa, Bravo, Pereiras , Lourido, Bravo”.

9(575).- AUTORIZAR Á ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS, A ORGANIZAR OS VINDEIROS 1 E 2.06.2012 A 48ª EDICIÓN RALLYE RÍAS BAIXAS-VODAFONE CIUDAD DE VIGO. EXPTE. 11214/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.05.2012, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar a Escudería Rías Baixas, a organizar os vindeiros días 1 e 2 de xuño de 2012, a **48ª EDICIÓN RALLYE RÍAS BAIXAS – VODAFONE CIUDAD DE**

VIGO. O dito evento se iniciárase o día 1 de xuño no Monte do Castro e rematará ás 19,30 horas do día 2 de xuño na Porta do Sol, coa conseguinte ocupación de vía pública nas rúas Hispanidade, Camelias, Marqués de Alcedo, Paseo dos Cedros, Paseo Rosalía de Castro, Manuel Olivie, Paseo Xosé M^a Álvarez Blázquez, camiño Atalaia, rúa Príncipe e Porta do Sol”.

10(576).- BAIXA COMO BENEFICIARIO DA BOLSA “ALCALDÍA DE VIGO” A MANUEL HERMO VERÍSIMO E AO REINTEGRO DO IMPORTE ADIANTADO. EXPTE. 13979/332.

Dáse conta do decreto da concelleira delegada de Educación, de data 11.05.2012, que di o que segue:

“Visto o informe do xefe do servizo de educación de data 11/05/2012 sobre o non desfrute por circunstancias persoais da beca municipal de estudos internacionais “Alcaldía de Vigo” en Lisboa do bolseiro de lingua portuguesa, Manuel Hermo Verísimo, outorgada consonte ás bases da convocatoria de **bolsas para estancias linguísticas no estranxeiro do alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), curso 2011-2012, expediente nº 13180/332**; e coa finalidade de seguir o procedemento establecido na base decimo cuarta da convocatoria:”Pérdida do dereito ao cobro, nulidade e reintegro da subvención”.

RESOLVO

1. Dar de baixa como beneficiario da bolsa “Alcaldía de Vigo” a **Manuel Hermo Verísimo (NIF 36051947E)** por ter presentado en data 10/05/2012 documentación acreditativa suficiente, que lle impediu por razóns de ingreso hospitalario dun familiar de primeiro grao, desenvolver a estancia formativa en Lisboa.
2. Consonte á citada circunstancia que imposibilitou o desenvolvemento e desfrute da actividade linguístico-formativa subvencionada, procede por parte do beneficiario o reintegro da cantidade adiantada e a perda do dereito ao cobro da subvención.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

11(577).- AUTORIZAR O GASTO PARA A CONTRATACIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS. EXPTE. 13263/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Educación, do 26.04.2012, conformado pola concelleira delegada de Educación, e co fiscalizado de conformidade polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Autorizar o gasto máximo de **75.100.-€** (SETENTA E CINCO MIL CEN EUROS) para a contratación do PROGRAMA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS, desglosado do seguinte xeito:
 - **14.081,25.-€ no ano 2012 (periodo de 3 meses de outubro-décembro)** con cargo á partida presupostaria nº 3210.227.99.16 de alfabetización e bolsa de vinculación.
 - **37.550.-€ no ano 2013 (periodo 8 meses de xaneiro-maio e outubro-décembro)** con cargo á partida presupostaria nº 3210.227.99.16 de alfabetización e bolsa de vinculación.
 - **23.468,75.-€ no ano 2014 (periodo 5 meses de xaneiro-maio)** con cargo á partida presupostaria nº 3210.227.99.16 de alfabetización e bolsa de vinculación.
2. Aprobar o expte. de contratación que contén o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo Servizo de Educación de data 15/03/2012 e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado polo Servizo de Contratación de data 24/04/2102 para o desenvolvemento do Programa Municipal de Educación Básica de Persoas Adultas.
3. Aprobar a apertura do procedemento de adxudicación do presente expte.13263-332 de contrato de servizos para a xestión do Programa Municipal de Educación Básica de Persoas Adultas.

12(578).- PROMOVER ANTE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, A CUALIFICACIÓN COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO DO PROXECTO EMPRESARIAL DENOMINADO “SAL GALICIA, S.L.”. EXPTE. 8858/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 21.05.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

“Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado **“SAL GALICIA, S.L.”** sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio pola Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)”.

13(579).- REDACCIÓN DUN PROXECTO “MODIFICADO Nº 1” CUSTE CERO DA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR COLMEIRO (RÚA TARRAGONA-ALVARO CUNQUEIRO). EXPTE. 2142/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Fomento, do 15.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Autorización para encargar a redacción dun proxecto que baixo a denominación de “Modificado nº 1 Custe Cero da obra de Humanización da Rúa Pintor Colmeiro (Rúa Tarragona-Álvaro Cunqueiro) recolla as modificacións necesarias para levar a cabo a obra, non significando incremento no orzamento da obra.

14(580).- REDACCIÓN DUN PROXECTO “MODIFICADO Nº 2” “CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS. FASE I (RÚA BAGUNDA-TRV. STA. CRISTINA), CON IMPORTE ADICIONAL. EXPTE. 2145/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Fomento, do 21.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Autorización para encarga a redacción dun proxecto que baixo a denominación de MODIFICADO Nº 2, “CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS. FASE I. (RÚA BAGUNDA - TRAVESÍA DE STA. CRISTINA)”, CON IMPORTE ADICIONAL que recolla as modificacións necesarias para levar a cabo a obra, non significando incremento no orzamento da obra.

15(581).- REDACCIÓN DUN PROXECTO “MODIFICADO Nº 2”, CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS. FASE II (TRV. DE STA. CRISTINA-BAIXADA A CAPITÁN), SEN IMPORTE ADICIONAL. EXPTE. 2144/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Fomento, do 21.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Autorización para encarga a redacción dun proxecto que baixo a denominación de MODIFICADO Nº 2, “CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS. FASE II. (TRAVESÍA DE STA. CRISTINA - BAIXADA A CAPITÁN)”, SEN IMPORTE ADICIONAL que recolla as modificacións necesarias para levar a cabo a obra, non significando incremento no orzamento da obra.

16(582).- REDACCIÓN DUN PROXECTO “MODIFICADO Nº 2” DA OBRA CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS. FASE III

(BAIXADA A CAPITÁN ATA Nº 186) SEN IMPORTE ADICIONAL. EXPTE. 2143/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Fomento, do 22.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Autorización para encarga a redacción dun proxecto que baixo a denominación de MODIFICADO Nº 2, DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS. FASE III. (BAIXADA A CAPITÁN – ATA O Nº 186)”, SEN IMPORTE ADICIONAL. Recolla as modificacións necesarias para levar a cabo a obra, non significando incremento no orzamento da obra.

17(583).- REDACCIÓN DO PROXECTO “MODIFICADO Nº 1” DO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE II, SEN CUSTE ADICIONAL. EXPTE. 2147/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Fomento, do 16.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Autorización para encargar la redacción de un proyecto que bajo la denominación Proyecto Modificado nº 1, coste cero, del de Humanización de la Calle Aragón, fase 2, recoja las modificaciones necesarias para llevar a cabo la obra, no significando incremento alguno en el presupuesto de la misma.

18(584).- MODIFICACIÓN TARIFAS DOS APARCADOIROS SOTERRADOS SITOS NA RÚA URZAIZ E NA PRAZA DA INDEPENDENCIA DE VIGO PARA O RESTABLECEMENTO DO EQUILIBRIO ECONÓMICO-FINANCIERO DAS CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS DAS QUE RESULTA TITULAR A “UTE ELOYMAR Y TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO”. EXPTE. 81270/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Mobilidade, do 23.05.2012, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, e co informe do Interventor Xeral do 22.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Modificar, co obxecto de manter o equilibrio económico-financieiro dos contratos, o importe das tarifas que serán abonadas polos usuarios dos aparcadoiros públicos en réxime de concesión administrativa nas seguintes contías máximas:

A parcadoiro Praza da Independencia 0,0260 €/minuto, IVE excluído.

Aparcadoiro Rúa urzáiz 0,0275 €/minuto, IVE excluído.

Segundo: As tarifas transcritas poderán incrementarse, previa autorización do órgano de contratación, cos importes resultantes das actualizacións anuais que no seu caso procedan en cada contrato.

Terceiro: As modificacións das tarifas mencionadas no apartado primeiro entrarán en vigor a partir do día seguinte a adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local. Coa aplicación destas tarifas o concesionario é compensado economicamente por calquer dereito derivado do período transitorio, é dicir, dende que está a aplicar as tarifas por minuto (acordo da Xunta de Goberno de 30/09/2011) ata o momento actual da aprobación das presentes tarifas.

Cuarto: Notificar o presente acordo a tódolos interesados no presente expediente facéndolles constar que o mesmo esgota a vía administrativa podendo interpoñerse contra o mesmo recurso potestativo de reposición no prazo de un mes perante a Xunta de Goberno Local ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Sen que ambos podan simultanearse.

19(585).- ADXUDICAR Á POLICÍA LOCAL, PARA A VIXILANCIA E CONTROL DO TRÁFICO DA CIDADE UN VEHÍCULO QUE SE ATOPA NO DEPOSITO DE VEHÍCULOS DA AVDA. DE MADRID, EN SUBSTITUCIÓN DA SÚA ENTREGA AO CENTRO AUTORIZADO PARA A SÚA DESTRUCCIÓN. EXPTE. 82536/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Transportes, do 22.05.2012, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

-ADXUDICAR Á POLICÍA LOCAL para a vixilancia e control do tráfico da cidade o seguinte vehículo que se atopa no depósito de vehículos sito na Avda. de Madrid , en substitución da súa entrega ao centro autorizado para a súa destrución :

Citroen Jumper matricula 1506 FTM

-Realizar os tramites necesarios ante a Xefatura Provincial de tráfico para o cambio de titularidade do citado vehículo a nome do Concello de Vigo .

20(586).- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO DA XGL DE DATA 23.03.2012, SOBRE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL QUE TRABALLOU OS DIAS 24 E 31 DE DECEMBRO 2011 (D. ROBERTO MOLEDO ALONSO). EXPTE. 23109/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 18.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro detectado de oficio no acordo adoptado

pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 23 de marzo de 2012 (Expte 22855/220) sobre Gratificación por servizos especiais e extraordinarios do persoal municipal que traballou os días 24 e 31 de decembro de 2011, recoñecendo a obriga e o aboamento ao funcionario don Roberto Moledo Alonso, con nº de persoal 79043 coa cantidade de 130.29 €, pola realización de servizos especiais e extraordinarios nos días 24 e 31 de decembro de 2011.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao interesado e a Intervención Xeral Municipal para a súa inclusión na nómina correspondente.

21(587).- RECLAMACIÓN DE AXUDAS ESTUDOS CORRESPONDENTES AO CURSO 2011-2012, CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 23088/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 10.05.2012, conformado polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención do 5.03.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar as reclamacións de axudas por estudos propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de data 03/05/2012, por importe total de 7.605,00 € (SETE MIL SEISCENTOS CINCO EUROS) acordando, en consecuencia, que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social, aos empregados/as públicos municipais que se indican, cos importes que se especifica para cada un deles:

NOME	DNI	Nº Persoal	Euros
Alonso Posada, Marta	36138135	79396	90
Barciela Simón, Benito	36008640	13617	190
Carballo Leirós, José	36041836	21491	170
Collazo Saavedra, Mª Concepción	36063966	81001	540
Cortés Bautista, José Miguel	36121422	77025	230
Davila Crespo, Marina	36049214	22830	470
Dominguez Vila, Vicente	36072389	22303	115
Fernández González, Miguel A	36151531	79148	140
García Barrio, Ana	35319238	81906	190
García Caride, Rubén	36154454	78752	115
García Soto, Francisco José	36029618	79367	180
García Veiro, José Armando	36092316	76478	170
Gil Dominguez, Francisco Antonio	34869989	16774	150
Gil Gregorio, Juan Antonio	30454966	18164	85
Gomez Garcia, Cristina	36098882	78121	170
González González, Manuel	36034235	14350	190

González Rodríguez, Miguel José	36036153	14835	170
González Torres, Susana	36090213	78536	205
Grossi Martinica, Fernando	36056565	20876	235
Kowalski Bianchi, Ana	36125146	78120	170
Landin Lorenzo, Angeles	36091654	81470	360
Lopez-Coronado Carnero, Mónica	36071855	77467	90
Magallanes Olmigos, Juan Miguel	36054125	18230	115
Pérez Rodríguez, M ^a Isabel	36088703	80819	140
Pérez Vila, Adolfo	36071315	80899	180
Piñeiro Gómez, Josefa	36102919	76474	115
Porto Justo, Francisco José (1)	76989346	76477	230
Ricoy Martinica, Luis	36032010	16917	150
Rivera Couñago, Felix	36016326	15852	115
Rivera López, Deolinda	36013925	15846	115
Rodríguez González, Afonso J	32985618	14634	380
Sánchez Dominguez, Severino	35981981	78154	180
Sola Quiroga, José C	36036109	15088	320
Soler Vidal, Ricardo	36104951	79640	180
Suarez Piñeiro, David	77000395	78283	65
Vázquez Marin, Antonio	36007059	14310	115
Veloso Pérez, Modesto	76746914	18359	115
Villar Miguelez, Manuel	36085182	77027	115
Villar Salgueiro, Jaime	36053456	21031	115
Villaverde Villaverde, José Manuel	36117712	80494	140
Vivero Mijares, Antonio	36088250	21054	65
Vivero Mijares, Juan G	36088267	23975	230
SUMA TOTAL			7605
(1) Master denegado"			

22(588).- RECTIFICACIÓN ACORDO DA XUNTA GOBERNO LOCAL DE DATA 01/05/2012 DE GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 23091/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 11.05.2012, conformado polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención do 15.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Rectificar de oficio o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/05/2012, asignando ao empregado municipal D. Manuel Comesaña Rial, con DNI nº 36.033.647-F, e nº persoal 9550, como gastos de locomoción correspondentes ao mes de febreiro 2012 a contía de 225,15 €.”

“Segundo.- Pola Intervención Xeral deberá reintegrarse a cuantía de 30,00 euros á partida 2312000 gastos de locomoción, funcional 9310-Inspección de Tributos”

23(589).- EXECUCIÓN TÍTULOS XUDICIAIS 207/2011 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DE VIGO, NO PROCEDIMENTO 682/2010, EN CONCEPTO DE CANTIDADES (D. LUIS ALBERTO RIOBÓ VEIGA E D^a IRIA ÁLAVAREZ OUTEIRO). EXPTE. 23080/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 24.04.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención do 8.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“PRIMEIRO.- Proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 207/2011 do Xulgado do Social Nº 3 dos de Vigo, no procedemento 682/2010, na parte referente a salarios de tramitación, nos autos seguidos a instancia de D. Luis A. Riobo Veiga, con DNI 78736786-N e de D^a Iria Alvarez Outeiro, con DNI 53176152-Z, no período comprendido entre o 1 de maio de 2010 e o 9 de xuño de 2011, por un importe principal de 51.830,52.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo dos traballadores e IRPF, segundo o seguinte desglose:

D. Luis Alberto Riobó Veiga: Principal: 24.356,68 €, seguridade social do traballador: 1.296,67 € e IRPF: 3.653,50 €, debendo percibir 19.406,50 €

D^a Iria Alvarez Outeiro: Principal: 27.473,84 €, seguridade social do traballador: 1.761,46 € e IRPF: 4.121,08 €, debendo percibir: 21.591,30 €.

Efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 3 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3628 0000 64 0020711.

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 3 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da

representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

24(590).- LIQUIDACIÓN DE INTERESES NA EXECUCIÓN 254/2011 CORRESPONDENTE AO PROCEDEMENTO 274/2007 (D^a PILAR PITA BALTEIRO E D. CARLOS SAHUQUILLO FRANCO). EXPTE. 23096/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 21.05.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención do 15.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Unico.- Dar cumprimento a providencia do Xulgado do Social nº 4 de Vigo, na execución 254/2011, procedéndose ao abono da cantidade de 804,2 € en concepto de intereses na conta do Xulgado do Social Nº 4 mediante transferencia na conta nº 0030 1846 42 0005001274 co concepto 3629 0000 64 025411.

25(591).- AXUDAS ESPECIAIS MAIO 2012 CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 23092/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 11.05.2012, conformado polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención do 15.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de data 03 de maio de 2012 por un importe total de **6.212,00 €** (SEIS MIL DOUSCENTOS DOCE EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos empregados/as públicos municipais que se indican- segundo relación contida no cadro anexo- cos importes que no mesmo se especifican:

NOME	DNI	Nº Persoal	EUROS
Alonso Iglesias, Manuel	36036055	23047	1.850,00 €
Expósito Olalla, Lidia	36089121	80478	89,00 €
Malvido Rodríguez, M ^a Azucena	78739579	78717	780,00 €
Rey Brea, Ramón	35227815	10352	1.417,00 €
Rodríguez Rey, Enrique	36000962	8332	2.076,00 €
SUMA TOTAL			6.212,00 €

26(592).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO SR. CONCELEIRO-DELEGADO DA AREA DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DATA 07/05/2012, DE AUTORIZACIÓN DE PERMISO RETRIBUÍDO A D. JOSE LUIS LOROÑO RÚA. EXPTE. 23063/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, de data 7.05.2012, que di o que segue:

“Con data 25 de abril de 2012, (doc. 120049279), D. José Luis Loroño Rúa, con DNI 35.971.686-P e núm. Persoal 21947, Auxiliar de Administración Xeral, solicita se lle conceda un permiso retribuído para atender o coidado do seu pai, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, de 30 días naturais.

O art. 76.1.k), do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave da ou do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, persoas acollidas ou familiares que convivan na mesma casa, e para atender ao seu coidado, o persoal ao servizo das administracións públicas terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, poderá utilizarse de maneira separada ou acumulada.

O interesado aporta o informe médico correspondente.

A vista das circunstancias anteriormente mencionadas e vistas as competencias recollidas no art. 127.1h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte RESOLUCIÓN:

“**Primeiro.-** Autorizar a D. José Luis Loroño Rúa, con DNI 35.971.686-P e núm. Persoal 21947, Auxiliar de Administración Xeral, un permiso retribuído de trinta días naturais, con efectos a partir do día 14 de maio actual para o coidado do seu pai, de conformidade co previsto no art. 76.1.k), do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

Segundo.- Acordar que se comunique ao Xefe da Área de Benestar Social, que o outorgamento da presente medida excepcional en ningún suposto implicará o incremento da dotación de efectivos asignados ás unidades ou servizos concretos, nin o incremento a priori da autorización da realización de horas extraordinarias, debendo comunicar calquera incidencia a esta concellería-delegada de Xestión municipal e ao Servizo de Recursos Humanos (Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos procedentes.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución ao solicitante, Xefe da Área de Benestar Social, Servizo de Recursos Humanos (Inspector Auxiliar de Persoal) e Comité de Persoal para coñecemento e demais efectos.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda informada.

27(593).- NOMEAMENTO INTERINO DE TRES DIPLOMADAS EN TRABAJO SOCIAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES. EXPTE. 23082/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Organización e Planificación, do 8.05.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 21.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Diplomados/as en Traballo Social, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contidas no escrito de data 16 de marzo de 2012 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 54.902,34 € con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, á D^a. M^a. JULIA SOUTO TABOADA, DNI 44.082.107-P, D^a. TANIA GARCÍA VILA, DNI 35.472.937-Z e, D^a. CARMEN MOREIRA SOUTO, DNI 36.110.318-L seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Diplomados/as en Traballo Social por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e na Instrución conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 81, Diplomado/a en Traballo Social, sendo adscritas ao Servizo de Benestar Social (cód. 301).

Cuarto.- A xornada laboral das traballadoras nomeadas, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do

previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

28(594).- DAR CONTA DA SINATURA DOS PROTOCOLOS DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS “EDUARDO CHAO”., CON DATA 15.02.2012.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

O concelleiro de Emprego, Participación e Voluntariado dá conta á Xunta de Goberno Local da sinatura dos seguintes protocolos de colaboración coa Asociación Veciñal de Teis e coa Federación de asociacións veciñais de Vigo “Eduardo Chao” en datas 15 de febreiro e 22 de marzo de 2012, respectivamente.

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS

REUNIDOS:

De una parte, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, en calidade de concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Antonio Collazo Collazo (DNI: 35891051-B), en calidade de Presidente da Asociación de Veciños de Teis (CIF: G-36646545), con domicilio social na Rúa Gerardo Campos Ramos, nº 2, de Vigo.

Tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente protocolo,

ACORDAN:

PRIMEIRO: A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo asume o compromiso de celebrar un convenio de colaboración, por importe de 50.000 €, coa Asociación de Veciños de Teis, para o desenvolvemento de actividades e cursos, así como, para cooperar na xestión do Centro Cívico de Teis co Concello de Vigo.

SEGUNDO: Para asumir este compromiso, será requisito necesario que, por parte de calquera dos grupos municipais, se presente e sexa aprobada a correspondente emenda aos orzamentos municipais do 2012.

TERCEIRO: A Asociación de Veciños de Teis comprométese a celebración do referido convenio.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente protocolo, en Vigo, a 15 de febreiro de 2012.

POLO CONCELLO DE VIGO

O CONCELEIRO DELEGADO
DE EMPREGO, PARTICIPACIÓN
CIDADÁ E VOLUNTARIADO,

Santos Héctor Rodríguez Díaz

POLA ASOCIACIÓN VECIÑAL

O PRESIDENTE,

Antonio Collazo Collazo

**PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN
DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS "EDUARDO CHAO" (FAVEC)**

REUNIDOS:

De una parte, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, en calidade de concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. María Pérez González (DNI: 36133187-A), en calidade de Presidenta da Federación de Asociacións Veciñais "Eduardo Chao" (FAVEC) (CIF: G-36681708), con enderezo en Praza da Princesa, nº 7, 2º andar.

Tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente protocolo,

ACORDAN:

PRIMEIRO: A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo asume o compromiso de celebrar un convenio de colaboración, por importe de 70.000 €, coa Federación Veciñal "Eduardo Chao" (FAVEC), para o fomento e o desenvolvemento dun conxunto de accións de carácter organizativo, informativo e socioeconómico para o ano 2012.

SEGUNDO: O referido convenio será financiado a cargo dos orzamentos municipais do exercicio 2012, para o qfue o goberno municipal realizará as xestión que foran precisas para o aprovisionamento dunha partida ao efecto.

TERCEIRO: As partes comprométense á celebración formal, mediante acto de sinatura, do convenio de colaboración obxecto deste protocolo no menor prazo de tempo posíbel, é dicir, o indispensable para a tramitación do expediente, que se iniciará, previa solicitude da entidade interesada, inmediatamente despois da aprobación inicial dos orzamentos municipais de 2012.

CUARTO: A Federación Veciñal "Eduardo Chao" (FAVEC) comprométese á celebración do referido convenio.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente protocolo, en Vigo, a 22 de marzo de 2012.

POLO CONCELLO DE VIGO
CONCELLEIRO DELEGADO
DE EMPREGO, PARTICIPACIÓN
CIDADÁ E VOLUNTARIADO,

Santos Héctor Rodríguez Díaz

POLA FEDERACIÓN VECIÑAL
A Presidenta,

María Pérez González

A Xunta de Goberno Local queda informada do presente asunto.

29(595).- DECEPCIONAR O MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO PARQUE INFANTIL UBICADO NO CENTRO COMERCIAL COIA 4. EXPTE. 6541/446.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

ANTECEDENTES.- Con data 22.05.12, o xefe do Servizo de Parques e Xardíns e o enxeñeiro de Montes, coa conformidade do concelleiro-delegado de área, informan do que segue:

“Con data 2/12/2012 polo Centro Comercial Coia 4, recíbese escrito manifestando a súa intención de ceder ao Concello unha zona de xogos infantís para o seu mantemento e conservación e que foi executada durante as obras de Rehabilitación de Prazas no Centro Comercial Coia 4 (Licencia de Obras - Expte 70955/421 de data de resolución 01/12/2010).

Xirada visita de inspección á zona (achéganse fotos) comunicáselle que deberán aportar o correspondiente certificado de homologación de cumprimento de normativas, o cal aportan con posterioridade.

En base ao exposto, os técnicos que suscriben non observan inconveniente en acceder á apertura do recinto ao público infantil e a facernos cargo do seu mantemento con un custe estimado de $8,6942 \text{ €/ m}^2 \text{ ano} \times 145 \text{ m}^2 = 1.260,659 \text{ €/ano}$.

É polo que se fai a Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:
Recepcionar o Mantemento e Conservación do Parque Infantil ubicado no Centro Comercial Coia 4”

A Xunta de Goberno Local acorda de conformidade con esta proposta.

30(596).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, PARA A ORGANIZACIÓN DOS PROGRAMAS “VIGO, UN MAR DE BANDAS” E AULAS DE MUSICA NAS BANDAS” PARA O ANO 2012. EXPTE., 4413/335.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

ANTECEDENTES.- Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 7 de maio de 2012, do xefe do Servizo de Festas, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, pola concelleira de área, pola concelleira de Economía e Facenda, e así mesmo fiscalizado e conformado pola Intervención Xeral Municipal en data 24-05-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Bandas de música populares de Vigo, para a organización dos programas "Vigo, un mar de bandas" e "Aulas de música nas bandas" para o ano 2012.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 146.250,00 euros a favor da Federación de Bandas de música populares de Vigo (CIF G-36.855.906) en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 3380.489.0002 (Convenio Federación de Bandas de música) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE VIGO PARA O ANO 2012.

Na Casa do Concello de Vigo, de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, dona Isaura Abelairas Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011

Doutra, don. Enrique Lorenzo Vila, como presidente e en representación da Federación de Bandas de música populares de Vigo, CIF nº G-36.855.906, inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co número 857-03 e enderezo social na rúa Canteiros nº 53 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 4413/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo, en colaboración coa Federación de Bandas de música populares de Vigo, vén realizando unha importante labor de apoio, difusión e potenciación das bandas populares de música de Vigo mediante a programación de ciclos de concertos e actuacións en distintos barrios da cidade ao longo de todo o ano e a través da formación continua dos integrantes das nove bandas de música de Vigo.

II.- Que a Federación aglutina todas e cada unha das bandas de música da cidade de Vigo.

III. Que dende o ano 1990, O Concello e a Federación veñen subscribindo convenios de colaboración de forma ininterrompida (programa "Vigo, un mar de bandas"), con resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Que dende o ano 2001-2002, véñse desenvolvendo o programa "Aulas de música nas bandas". A través deste programa trátase de fomentar o hábito e o estudo da música de banda, a aprendizaxe da linguaxe musical, o manexo de instrumentos musicais e a práctica dentro dunha colectividade, estando destinado ó público en xeral, sen límite de idade.

V.- Que o Concello en colaboración coa Federación pretende acadar dous obxectivos: a formación continua dos integrantes das bandas de música en Vigo, e achegar deste xeito unha oferta musical de maior calidade ós cidadáns fomentando a creación de novos públicos.

VI.- Que a exclusividade dos dous programas considérase acreditada no proxecto presentado pola Federación.

VII.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento prorrogado, na partida 3380.489.0002, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 162.500,00 (cento sesenta e dous mil cincocentos) euros, a favor da entidade FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO.

VIII.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é formalizar o apoio, a potenciación e a promoción por parte do Concello de Vigo das nove bandas populares de música do termo municipal agrupadas na Federación, a través dos seguintes programas:

- "Vigo, un mar de bandas", cuxo propósito é o de achegar a música ós cidadáns e fomentar a creación de novos públicos, coa programación de ciclos de concertos e actuacións durante todo o ano polos barrios e centro da cidade.

- "Aulas de música nas bandas", cuxo propósito é o de ofrecer unha formación musical á cidadanía.

IX.- Que a entidade Federación de bandas de música populares de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 4413/335.

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO**, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes*

PACTOS

***Primeiro.-** A entidade Federación de Bandas de música populares de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo en canto a organización*

dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas” e, concretamente, a:

1º.- *Que cada unha das nove bandas representadas a través da beneficiaria e relacionadas no pacto cuarto deste Convenio realicen dez actuacións, unha delas de carácter gratuíto a decidir polo Concello. En total, realizaranse noventa actuacións.*

A concellería de Festas comunicará á beneficiaria os lugares, datas e horas das actuacións de cada banda:

- Se a data indicada estivese dispoñíbel, a banda quedará automaticamente comprometida co Concello para a súa realización.

- Se a data estivese comprometida previamente, a banda terá que acreditar o compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.

- Toda a actuación que se realice sen a autorización previa da concellería de Animación sociocultural non será aboada con cargo a este convenio.

2º.- *Cumprir a programación obxecto do programa “Aulas de música nas bandas” segundo o proxecto e presuposto presentados, que se achegan ó expediente, podendo a tal fin concertar con terceiros a execución das actividades de formación.*

3º.- *Garantir a instalación e equipamentos axeitados ó proxecto; dotar de material necesario e profesorado titulado co fin de acadar os obxectivos previstos no programa “Aulas de música nas bandas”.*

4º.- *Asumir todos os seguros relativos ás actividades que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente (responsabilidade civil, accidentes, etc...) para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da beneficiaria.*

5º.- *Xestionar e aboar os dereitos de autor que poidan xerarse como consecuencia das actuacións dos alumnos.*

6º.- *Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.*

7º.- *Publicitar de xeito adecuado o inicio dos cursos do programa “Aulas de música nas bandas” que figura no convenio, no mes de setembro, para o cal inseriranse dous anuncios en días alternos nos tres principais medios de comunicación escritos locais. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como patrocinador do programa “Aulas de música nas bandas”.*

8º.- *A beneficiaria deberá repartir a cada unha das bandas asinantes as nove estruturas publicitarias desmontábeis cos logotipos oficiais. Estas estruturas deberán estar presentes nos escenarios onde se realicen as actuacións con cargo a este convenio, en lugar perfectamente visíbel. No caso de que algunha das bandas incumpra este apartado, o Concello poderá decidir que non lle sexa aboado o importe correspondente a esa actuación. Así mesmo, cada banda responsabilizarase da conservación da estrutura durante a vixencia do convenio.*

9º.- As bandas presentarán á Federación beneficiaria solicitude de pago das actuacións realizadas, coas correspondentes "certificacións de actuación" (segundo o modelo que figura no anexo deste convenio) antes do día 20 de decembro.

10º.- Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellería de Festas deberán asumir os seguintes compromisos:

- Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir o concerto e incluír o logotipo do Concello de Vigo naquel que edite a propia entidade.

- Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación da banda.

- Cubrir a "certificación de actuación", da que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posíbeis incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.

- Presentar o concerto, facendo unha mención breve ao historial da banda, repertorio a executar e entidades que colaboran para a programación do concerto.

Terceiro.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Programar as datas e lugares das actuacións, que poderán ter estrutura de ciclos, segundo os criterios que concerte coa beneficiaria.

2º.- Comunicarlle á beneficiaria os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais para os concertos e 5 días naturais para os actos oficiais. Debido a isto, poderá desestimar aquelas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.

3º.- Editar o material gráfico, se é o caso, e realizar a difusión aos medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.

4º.- Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver e consensuadas coas propias bandas de música implicadas ou en todo caso coa beneficiaria, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc. Neste sentido, evitarase realizar actuacións ao aire libre en zonas peonís, salvo expresa autorización por escrito do Concello. En todo caso, deberase respectar a normativa relativa á protección contra a contaminación acústica.

5º.- Conceder directamente á Federación de Bandas de música populares de Vigo, unha subvención por importe de 146.250,00 (cento corenta e seis mil douscentos cincuenta) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización dos programas "Vigo, un mar de bandas" e "Aulas de música nas bandas".

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Cuarto.- O número total de actuacións con cargo ó programa “Vigo, un mar de bandas” será de 90 (noventa), sendo unha delas, por cada unha das nove bandas asinantes, de carácter gratuíto no lugar, data e hora que determine o Concello.

As contías que se estabelecen por actuación e banda, á proposta da beneficiaria, son as seguintes:

Unión musical de Valladares	1.255,00 €
Escola de Música de Beade	1.255,00 €
Agrupación musical Atlántida de Matamá	1.255,00 €
Unión musical de Coruxo	1.188,00 €
Lira de San Miguel de Oia	1.188,00 €
Escola de música da UVCD de Candeán	1.188,00 €
Unión musical de Cabral	1.188,00 €
As Delicias do Caeiro – Cabral	1.055,00 €
Ateneo musical de Bembrive	1.055,00 €

Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven da actuación das bandas (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras para os músicos,...), ascendendo o importe total do programa a 95.643,00 euros. Cada banda realizará unha actuación de carácter gratuíto.

O Concello entregará ademais unha contía de 607,00 euros, a favor da beneficiaria, en concepto da planificación de actividades complementarias e da coordinación das actuacións recollidas no convenio; e de 50.000,00 euros para o desenvolvemento do programa de formación continua para músicos por parte das bandas “Aulas de música nas bandas”.

Quinto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Sexto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0128.11.0040003665, domiciliada en Novacaixagalicia, da que é titular a entidade beneficiaria, segundo o seguinte:

a) Un primeiro pagamento por importe de 48,750,00 (corenta e oito mil setecentos cincuenta) euros, en concepto de pago anticipado, que se tramitará de oficio tras a sinatura do convenio.

b) Un segundo pagamento por importe de 60.937,50 (sesenta mil novecentos trinta e sete euros con cincuenta céntimos) que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na segunda quincena de setembro.

c) Un terceiro pagamento por importe de 36.562,50 (trinta e seis mil cincocentos sesenta e dous euros con cincuenta céntimos), que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na segunda quincena de decembro.

A beneficiaria terá que acreditar xunto coas solicitudes do segundo e terceiro pagamentos anteriores, as memorias parciais de actuación e económica correspondentes a cada período conforme o recollido no pacto décimo primeiro deste convenio.

A beneficiaria xunto coa solicitude do terceiro pagamento deberá presentar ademais un informe final relativo ó desenvolvemento do programa "Vigo, un mar de bandas" así como memoria-avaliación final das actividades correspondentes ó programa "Aulas de música nas bandas". En particular e con relación ao programa "Aulas de música nas bandas", esta memoria debe incluír a maiores: relación de cursos e actividades realizadas (entidades, profesorado, duración, etc), contido das materias impartidas e número de alumnos participantes das diferentes actividades.

Sétimo.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Oitavo.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo na imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Décimo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Décimo primeiro.- A beneficiaria, nas datas indicadas no pacto sexto, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar a través do Rexistro Xeral unha memoria-avaliación dos programas "Vigo, un mar de bandas" e "Aulas de música nas bandas", onde figurarán como mínimo:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actuacións celebradas, certificacións das actuacións, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acreedor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas das actuacións realizadas emitidas á Federación polas bandas asociadas (programa "Vigo, un mar de bandas"), que serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

No caso do programa "Aulas de música nas bandas" achegaranse as correspondentes facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio conforme o establecido no artigo 6 do RD 1496/2003 (os custos salariais acreditaranse con copias do contrato de traballo, nóminas asignadas polo perceptor e pagadas, ou extracto bancario no seu caso, así como xustificantes correspondentes ás cotizacións da seguridade social).

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo segundo.- Antes de proceder aos pagamentos da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Festas. O persoal técnico do servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- O Concello poderá descontar no último pagamento as contías correspondentes por actuación e banda (recollidas no pacto cuarto) polos seguintes motivos:

- Unha incomparecencia inxustificada a un concerto;
- Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións;
- Por non ter presente a estrutura publicitaria en dous concertos.

Décimo sexto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétimo.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do Concello de Vigo e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. O Concello resérvase o dereito de incluír a programación obxecto deste convenio na posíbel axenda que edite e/ou difunda cos actos previstos no auditorio municipal.

Décimo oitavo.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase en base ás "certificacións de actuación" asinadas pola entidade correspondente, ás memorias e informes que presente a beneficiaria e da presenza de persoal técnico da Concellería de Festas durante os concertos ou actividades que se determinen.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Vixésimo.- A concelleira de Festas queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo primeiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo segundo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo terceiro.- As actuacións con cargo ó programa “Vigo, un mar de bandas” irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle ao Concello, en coordinación coa beneficiaria.

Con carácter xeral, quedan excluídas do convenio aquelas actuacións en festas e romarías patronais, así como aqueles concertos programados dentro do mesmo ámbito territorial parroquial asociado á mesma banda de música.

Así mesmo, poderanse realizar actuacións en desfiles, pasacalles ou procesións ata un máximo de 14 actuacións, entre elas as seis procesións seguintes de ámbito de cidade realizadas no centro urbano: A Borriquilla (domingo de Ramos), A Paixón (xoves santo), Santo Enterro e Virxe da Soedade (venres santo), Cristo da Victoria e Santa María (patroa de Vigo).

Con carácter excepcional e a proposta da Concellería de Cultura e Festas, poderanse autorizar a programación doutras actuacións e concertos que non cumpran as condicións anteriores.

Ademais dos concertos que se programen en base a este convenio, o Concello poderá contratar a calquera das bandas asinantes para a súa actuación nun acto oficial, aboándosele por este concepto a cantidade estipulada anteriormente.

As actividades recollidas no programa “Aulas de música nas bandas” están destinadas ó público en xeral. O acceso será público e gratuíto. O límite de alumnos estará determinado polo número de prazos dispoñíbeis nos cursos ou grupos programados. Realizaranse ademais intercambios entre os centros ou entidades culturais participantes no programa con obxecto de potenciar a Rede de Escolas de Música. Ao final do curso entregaranse diplomas acreditativos do seu paso pola rede de escolas do programa. Está prevista tamén a distinción de alumnos destacados a través do outorgamento de becas para ampliar os seus estudos.

Vixésimo cuarto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data anteriormente indicados.

A concelleira delegada da
Área de Cultura e Festas

O presidente da Federación de
Bandas de música populares de Vigo

31(597).- BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCIONS DA CONSELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2012. EXPTE. 5484/224.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

ANTECEDENTES.- Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 24 de abril de 2012, da xefa do Servizo de Igualdade, conformado pola concelleira-delegada de área e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar as Bases reguladoras e a convocatoria específica de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas e actividades de promoción da muller realizadas durante o exercicio 2012.

2.- Autorizar un gasto por importe máximo de 73.500,00€, con cargo á partida 2311 4890000 *subvencións* e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente para o ano 2012, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria.

Bases reguladoras e convocatoria específica de subvencións da concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción da muller no ano 2012

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, nos seus artigos 25, 26 e 28 confírelles ás administracións locais competencias no eido da muller; a lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral, e especialmente en torno ás propostas de accións positivas que permitirán acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na loita contra a violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen

mellorado na nosa cidade nos últimos anos; mais segue a ser necesario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado, nin moito menos, a equipotencia social das mulleres.

En relación cos proxectos encamiñados ao fomento e consolidación do asociacionismo feminino, á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como na prevención e combate da violencia de xénero, a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo destina a tal fin un crédito máximo de 73.500,00€ que se fará efectivo con cargo á partida específica 2311 4890000 “subvencións da Concellería de Igualdade” e bolsa de vinculación xurídica, do orzamento vixente

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

As bases e a convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

1) Finalidade e período de realización:

O obxecto das subvencións ao que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de actividades das entidades sen ánimo de lucro que se realicen desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2012 e cuxa finalidade sexa:

1. Atender as demandas e necesidades das mulleres establecidas como prioridade no “4º Plan integral de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2009/2012” do Concello de Vigo. Tendo en conta os obxectivos establecidos en cada unha das súas cinco áreas de actuación: Educación en Igualdade, Conciliación e Corresponsabilidade; Participación Económica, Violencia de Xénero e Atención á Diversidade.
(pódese consultar o documento do IV Plan na web: www.igualdadevigo.org)

2. Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopan subrepresentadas. Promovendo por exemplo: accións formativas en áreas e/ou sectores con escasa presenza feminina, acceso e permanencia de mulleres en postos de responsabilidade ou establecemento de medidas, accións e/ou dispositivos que visibilicen e faciliten a participación das mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión.

3. Organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas á poboación masculina.

4. Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.

5. Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres no eido socio-laboral, educativo e familiar, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas. Desenvolvendo tanto actividades de sensibilización, como proxectos con actuacións innovadoras que propicien eliminación de roles e estereotipos de xénero.

6.Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a recuperar a memoria histórica das mulleres de Vigo.

II. Ámbito

O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo. Poderán subvencionarse excepcionalmente actividades fóra do municipio de Vigo (programas de intercambio con outras asociacións, asistencia a cursos, congresos, etc) debidamente xustificadas e sempre que teñan relación cos obxectivos da convocatoria.

III. Destinatarias das accións

Cando se trate de cursos de ocio e tempo libre, formación e/ou similares, as destinatarias últimas deberán ser mulleres. Cando estas xornadas ou cursos teñan como obxectivo: informar, concienciar e formar no eido da perspectiva de xénero e a igualdade de oportunidades poderan incorporarse homes ao alumnado.

Asemade, tal e como recolle o apartado 3 do punto anterior, poderanse subvencionar proxectos dirixidos exclusivamente á poboación masculina que promovan actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel corresponden á participación ou organización da actividade obxecto da axuda.

As entidades que presenten a esta convocatoria proxectos para a realización de cursos, xornadas ou similares, terán en conta que serán gastos subvencionables os soldos ou honorarios do persoal docente e os correspondentes gastos de seguros sociais.

Asemade, poderanse imputar gastos de actividade de coordinación, que deberá ser realizada por persoa física distinta da encargada da impartición do proxecto formativo, sempre e cando se xustifique a súa necesidade. Cando a persoa que realiza a coordinación sexa persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante, non se poderá imputar máis do 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do proxecto.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 18.000,00€, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

A contía de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo da actividade.

A subvención concedida financia a actividade no seu conxunto; a desagregación do orzamento que se debe detallar no apartado 4. do anexo II só ten efectos informativos non sendo vinculante de cara á xustificación da actividade subvencionada.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 73.500,00 euros (setenta e tres mil cincocentos euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2012; 2311 4890000 "Subvencións da concellería de Igualdade" e bolsa de vinculación xurídica.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do R. d. 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da lei xeral de subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS.

Poderán solicitar e obter estas axudas :

- a) As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas domiciliadas no termo municipal de Vigo, que realicen actividades de interese municipal e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes para participar nesta esta convocatoria.
- b) As entidades e asociación sen finalidade de lucro, públicas ou privadas, que, aínda que non estean domiciliadas no municipio de Vigo, realicen actividades de interese municipal dentro do termo municipal ou en beneficio deste.
- c) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
- d) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.

Quedan excluídos expresamente desta convocatoria os seguintes proxectos:

- a) Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
- b) Aqueles que a xuízo da Comisión de Valoración teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.

- c) *Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.*
- d) *Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*
- e) *Aqueles que inclúan actividades docentes previstas nos planes de ensino vixentes.*
- f) *Aqueles que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.*
- g) *Aqueles que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.*
- h) *Aqueles que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.*

3. *As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.*

4. *Na fase de proposta de resolución as solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Existe a posibilidade de acreditar simplificadaamente estas circunstancias, nos supostos indicados no artigo 24 do citado R. d. 887/2006, en particular o parágrafo cuarto para aquelas subvencións nas que o importe das cales non supere a contía de 3.000€.*

5. *Igualmente as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.*

SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS.

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1º.- Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autoría, etc...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.

2º.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3º.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para a organización, difusión e execución das súas actividades.

4º.- Utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

5º.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.

6º.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

7º.-Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.

8º.-Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

9º.-Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor/a e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención

10º.-A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. A Concellaría de Igualdade estudará cal sería a lingua para empregar na difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme coa Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

11º.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da concellería de igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado no punto 2 da base quinta, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 50 puntos

a) Calidade do proxecto e adecuación aos obxectivos recollidos na cláusula Primeira das bases.

- Calidade do proxecto (valorarase a rigorosidade, o equipo de traballo presentado, coherencia e viabilidade do proxecto): 0 a 10 puntos

- Por recoller o proxecto algún dos obxectivos e accións contempladas no IV Plan integral de igualdade de oportunidades de mulleres e homes de Vigo: Ata un máximo de 10 puntos.

b) Características do proxecto:

- Ámbito de aplicación (0 a 5 puntos)
- Número de beneficiarias (0 a 5 puntos)
- Participación de voluntariado (0 a 5 puntos)

c) Traxectoria da entidade e grao de implicación nas actividades da concellería de igualdade. Ata 10 puntos

Valorarase tendo en consideración o tempo que leve a entidade participando activamente a prol da igualdade e a asistencia e colaboración nas actividades propias da concellería de igualdade polas directivas, socias e persoas colaboradoras da entidade solicitante.

d) O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita subvención, segundo o previsto no artigo 20.2º l) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 5 puntos. Para ter en consideración este criterio será necesario que a entidade solicitante achega declaración asinada pola/o representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento da/s actividade/s obxecto da subvención.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos achegados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS.

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos na base sétima.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 20 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

No marco desta convocatoria só se poderá presentar un programa que reúna os requisitos estipulados na base primeira desta convocatoria. Para elo, as entidades que concorren deberán presentar unha única solicitude asinada pola/o representante legal da entidade petionaria.

A solicitude, segundo modelo normalizado (Anexo I), presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións do procedemento administrativo común e dirixida ao Sr. Alcalde. A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases de convocatoria.

Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

1) Proxecto de actividades a favor das mulleres para as que se solicita subvención (Anexo II) xunto co informe desagregado de ingresos e gastos da actividade. No caso de presentar

proxectos de formación ou xornadas e charlas deberá achegarse currículo do profesorado ou das relatoras ou relatores segundo o caso.

2) Memoria de actividades a favor das mulleres que desenvolveu a entidade durante o ano 2011, esta deberá vir asinada polo/a representante da entidade.

3) Fotocopia do CIF da entidade solicitante.

4) Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante expedido cunha antigüidade inferior a seis meses.

5) Certificado que acredite que a entidade solicitante está ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e o Concello de Vigo. Estas certificacións poderán ser substituídas por unha declaración responsable da entidade solicitante como réxime simplificado desta acreditación (punto 5 do Anexo III).

6) Declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (punto 4 do Anexo III).

7) Declaración das solicitudes de subvención realizadas ou concedidas a outros organismos e institucións públicas ou privadas do proxecto para o que se solicita a subvención (punto 3 do Anexo III).

8) Declaración da secretaría da entidade na que conste quen ten a condición de representante legal da entidade (punto 1 do Anexo III).

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se a documentación achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos na presente convocatoria, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou corrixa a deficiencia no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixese se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente sen máis trámite.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez sexa aprobada pola Xunta de Goberno Local.

2.-Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poida ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de todas as axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios do Concello

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concellería de Igualdade e na propia paxina web do Concello de Vigo.

3.-Publicidade do financiamento público.

As entidades beneficiarias das subvencións deben informar e publicitar as actividades e servizos subvencionados, facendo constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda “Colabora a Concellería de Igualdade-Concello de Vigo”, coa a inclusión do logotipo e anagrama do Concello de Vigo que se pode descargar da paxina web da Concellería de Igualdade www.igualdadevigo.org. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

DÉCIMO CUARTA. ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

De conformidade co disposto na base sétima a Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención para cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, a xefa do servizo de Igualdade e unha funcionaria da mesma área que actuará como secretaria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas. (artigo 21.4 parágrafo 6 da lei de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, e a súa resolución notificaráselles ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ao da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Contra esta desestimación presunta poderá recorrerse en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

En todos os casos os prazos contarase a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo máximo de 15 días a contar do seguinte ao da notificación a comunicarlle por escrito á Concellería de Igualdade a aceptación ou renuncia das axudas. A falta de manifestación expresa entenderase aceptada. Xunto coa aceptación deberá comunicar os seguintes datos:

- Calendario, horario e local de realización da actividade.
- No caso de que o programa subvencionado inclúa diversas actividades indicarse aquelas que serán obxecto de xustificación por parte da entidade.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

As beneficiarias non poderán subcontratar con terceiros/as a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

A xustificación, segundo modelo normalizado (Anexo IV) presentarase no Rexistro Xeral do Conxcello de Vigo, ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O prazo para presentar as xustificacións das subvencións concedidas remata o 31 de xaneiro de 2013. No devandito prazo as entidades beneficiarias xustificarán o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibir a subvención.

A xustificación deberá realizarse polo 100% do importe da axuda concedida mediante rendición de conta xustificativa que comprende unha memoria de actuación, unha memoria económica (relación de gastos e achegas de facturas) e os Anexos IV debidamente cubertos.

Para os efectos de xustificar a subvención as beneficiarias deberán achegar:

1) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos asinada pola responsable da vogalía da muller, e na que figurará, a seguinte información:

- a. *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*
- b. *Datas e lugar de realización.*
- c. *Datos sobre as participantes: número, perfil, etc. e explicación do desenvolvemento da actividade.*
- d. *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación das mulleres participantes e do/a monitor/a cos seus apelidos e nome, e número de teléfono.*
- e. *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario deberá indicarse este extremo.*

2) **Declaración xurada** da entidade perceptora segundo o Anexo IV-1, acreditativa dos seguintes extremos:

- a) *Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.*
- b) *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- c) *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
- d) *Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, o concello de Vigo e coa Seguridade Social e declarar se a entidade está exenta ou non do IVE.*

3) **Unha memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a. *Unha relación clasificada das facturas que achega a entidade para xustificar o 100% do importe da contía da axuda concedida, con identificación do/a acredor/a e do documento, o seu importe, e data de emisión. (Segundo modelo normalizado Anexo IV-2)*

b. *Facturas orixinais, polo importe total da subvención outorgada. As ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:*

- *Número e no seu caso serie.*
- *Nome e apelidos ou denominación fiscal.*
- *Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)*
- *Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*
- *Lugar e data de emisión.*
- *Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique se está exenta de IVE; as facturas emitidas por profesionais levarán a pertinente retención do IRPF.*

Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do R.d. 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios/as e profesionais.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o selado (art. 73 do R.d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando nela o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicando neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará ao expediente copia do xustificante orixinal selado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

En relación á xustificación do pagamento de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo organismo autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por eses conceptos.

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas á universidade a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En xeral os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa ao exercicio 2012, e non deberá constar de forma expresa se foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada nesta convocatoria.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

4) **Calquera outra documentación** que lle sexa solicitada polo concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade, A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto no que fará constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes para considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

Procederase ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe da contía da axuda concedida.
- Pola obtención de maior financiamento do previsto no proxecto.
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.

As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento do pagamento parcial ou proporcional correspondente, será competencia da concelleira delegada de igualdade.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do art.31.7. e da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1.-Perda do dereito á cobranza

Dará lugar á perda do dereito á cobranza da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito á cobranza, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Reintegraranse as cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no R.d. 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A Concellería de Igualdade do Concello de Vigo será a reponsable do seu tratamento.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2012, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Constan no expediente os seguintes ANEXOS:

Anexo I: SOLICITUDE

Anexo II: PROGRAMACIÓN

Anexo III: DECLARACIÓN RESPONSÁBEL

Anexo IV: MEMORIA XUSTIFICATIVA.

32(598).- PROGRAMA DE CAMPAMENTOS E ACTIVIDADES INFANTÍS, XUVENÍS DE CARA Á ÉPOCA ESTIVAL, DENOMINADO VENRAN HOXE 2012. EXPTE. 3467/336.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

ANTECEDENTES.- Con data 16-05-2012 a xefa do Servizo de Xuventude, coa conformidade da concelleira-delegada de área e da concelleira delegada de Facenda e así mesmo coa fiscalización da Intervención Xeral, informa do que segue:

“O Concello de Vigo, a través do seu programa Verán Xove 2012, pon en marcha unha serie de campamentos e actividades de cara á época estival, co obxecto de ofertar un tempo de lecer educativo e de calidade dentro da propia cidade. Ademais, preténdese facer máis compatible a vida familiar e laboral dos cidadáns e cidadás de Vigo, así como favorecer o emprego e a participación xuvenil.

Dentro da programación de Verán Xove 2012 existen tres grandes bloques de actividades:

Bloque I: Campamentos urbanos

Bloque II: Ludotecas

Bloque III: Actividades xuvenís

Campamentos urbanos.

Actividades na cidade para rapaces e rapazas empadroados/as no Concello de Vigo e con idades comprendidas entre os 4 e os 14 anos (ver o apartado “idade” en cada unha das actividades).

Ludotecas.

Espazos lúdico-educativos onde aprender xogando. Acollen nenas e nenos de entre 4 e 12 anos, dependendo do espazo e as súas características.

As inscricións faranse presencialmente no espazo elixido e ata cubrir prazas.

Actividades xuvenís.

Actividades desenvolvidas e dirixidas ao público xuvenil (13 a 35 anos)

Haberá algunhas actividades que precisen inscrición previa por motivos de organización. Esta información, xunto coa programación específica de cada espazo, estará dispoñible na web da Concellería de Xuventude do Concello de Vigo coa antelación suficiente.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES:

I CAMPAMENTOS URBANOS

- O BOSQUE ENCANTADO:

Data: do 25 de xuño ao 6 de xullo // do 9 ao 20 de xullo// do 23 de xullo ao 3 de agosto (agás o 25 de xullo) // do 20 ao 31 de agosto

Ano nacemento: 2000-2008

Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00 a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00 a 15:00h

Lugar: Pavillón de Bouzas

Actividades: xogos, concursos, obradoiros, contos, festas, saídas, xornadas temáticas a través do coñecemento de diversas árbores.

Prezo: 40 € .

- VERÁN EN SAMIL:

Data: do 25 de xuño ao 6 de xullo // do 9 ao 20 de xullo// do 23 de xullo ao 3 de agosto (agás o 25 de xullo) // do 20 ao 31 de agosto

Ano nacemento: 2000-2008

Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

Lugar: Complexo Deportivo de Samil

Actividades: actividades deportivas como volei-praia, fut-praia, raquepercha, zancos... Obradoiros de cociña, fabricación de xoguetes, xincanas, baños e xogos na praia, obradoiros de consumo responsable, excursións, festas...

Prezo: 40 € .

- XOGA CONVIGO:

Data: do 2 ao 13 de xullo // do 16 ao 27 de xullo

Ano nacemento: 2000-2008

Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

Lugar: CEP Doutor Fleming

Actividades: actividades artísticas relacionadas coa ciencia e a natureza, multixogos, mubaca, ioga, actividades coa auga, xincanas, obradoiros, festa...

Prezo: 40 € .

- EXPEDICIÓN EN VICUS:

Data: do 25 de xuño ao 6 de xullo // do 9 ao 20 de xullo

Ano nacemento: 1998-2006

Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00 a 9:00h. Servizo de friameira (levar comida da casa) de 14:00 a 15:00h

Lugar: Súbete ó Castro. Parque do Castro (ao carón da pista de bicicletas)

Actividades: Olimpíadas romanas, xincana medieval no Berbés, embarcacións tradicionais, pistas no xardín de Castrelos, gran xogo "De que época es tí?", obradoiros de igualdade e xénero e outras moitas actividades de expedición por Vicus.

Prezo: 40 € .

- VERÁN EN VIGOSÓNICO:

Data: do 25 de xuño ao 6 de xullo // do 9 ao 20 de xullo

Ano nacemento: 2000-2008

Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

Lugar: VigoSónico

Actividades: actividades musicais, deportivas, ambientais, obradoiros, xincanas, xogos, rocódromo, saídas, festas...

Prezo: 40 € .

- VERÁN MARIÑEIRO:

Data: do 2 ao 6 de xullo// do 9 ao 13 de xullo// do 16 ao 20 de xullo// do 23 ao 27 de xullo // do 30 de xullo ao 3 de agosto // do 6 ao 10 de agosto // do 20 ao 24 de agosto // do 27 ao 31 de agosto

Ano nacemento: 1998-2004

Horario: 10:00 a 18:00h, de luns a venres (Levar comida da casa). Posibilidade de entrar ás 9:00 pagando 2€ diarios.

Lugar: A.V. Bouzas

Actividades: Actividades de navegación en piraguas e en embarcacións tradicionais no entorno das praias de Bouzas e Alcabre; baño, xogos e comida na praia; visita a efectos navais, aspectos de cultura marítima e visita guiada ao Museo do Mar

Prezo: 48 €

- CAMPAMENTO URBANO

Datas: Do 30 de xullo ao 10 de agosto

Ano nacemento: 1998-2004

Horario: 10:00 a 13:30 e de 17:00 a 20:00h.

Lugar: Pavillón Central das Travesas

Actividades: Obradoiros, xogos, deportes, música, teatro, saídas e moitas outras sorpresas.

Prezo: Gratuíto

- LUDOVERÁN EN SAMIL:

Data: do 6 ao 14 de agosto

Ano nacemento: 2000-2008

Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

Lugar: Complexo Deportivo de Samil

Actividades: Xogos na praia, piscina, deportes, obradoiros de igualdade e xénero, festas, e moita diversión.

Prezo: 28 € .

- LUDOVERÁN EN BOUZAS:

Data: do 6 ao 14 de agosto

Ano nacemento: 2000-2008

Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00 a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00 a 15:00h

Prezo: 28 €

- LUDOCAMPAMENTO

Data: 25 de xuño ao 31 de xullo, de luns a venres

Idades: 7 a 12 anos

Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00 a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00 a 15:00h

Prezo: Gratuíto

Para os meses de xuño, xullo, agosto e setembro está previsto que dende a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo se oferten un total de 2.125 prazas de campamentos urbanos para os nenos e nenas de idades comprendidas entre 4 e 14 anos, segundo se reflicten naseguínte táboa:

ACTIVIDADE	Nº PRAZAS	CUSTO	ORZAMENTO	CUOTA PARTICIPANTES	TOTAL INGRESO PARTICIPANTES
O bosque encantado	200	15.000	Concellería Xuventude	40	8.000
Ludoverán en Bouzas	50	2.625	Concellería Xuventude	28	1.400
Verán en Samil	260	17.940	OMIC	40	10.400
Ludoverán en Samil	65	3.152,50	Concellería Igualdade	28	1.820
Verán en VigoSónico	250	18.750	Concellería Xuventude	40	10.000
Xoga con Vigo	100	7.500	Concellería Xuventude	40	4.000
Expedición en Vicus	60	4.140	Concellería Igualdade	40	2.400
Verán Mariñeiro	240	15.120	Concellería Xuventude	48	11.520
Ludocampamento	200	12.938,55	Concellería Xuventude	0	0
Acampada en VigoZoo	100		Vigozoo	108	10.800
Verán en VigoZoo	150		Vigozoo	30	4.500
Campamento Urbano	450	15.000	Concellería Xuventude	00	00.00
TOTAIS	2.125	112.166,05	Concellería de Xuventude		64.840

O orzamento da actividade a desenvolver polo Concello ascende a un total de 112.166,05 € , dos cales 86.933,55€ serán con cargo á partida 3370 2279912 do orzamento de Xuventude , 7.292,50 € con cargo á partida 2311 2279906 do orzamento de Igualdade e 17.940 € con cargo á partida 4930 2279900 do orzamento da OMIC.

A organización municipal da actividade de Campamentos de Verán Xove 2012, non impide o seu financiamento de forma conxunta entre o Concello de Vigo e os participantes, o que se xustifica nunha maior eficiencia e racionalidade dos recursos económicos, no fomento do interese e participación mais activa, no desenvolvemento da actividade educativa, habida conta do incremento do custe que supón á atención profesionalizada nun horario extenso. Tendo en conta o exposto, e considerando unha horquilla de asistencia de 2125 nenos e nenas, resultan os seguintes ingresos dos/as usuarios/as:

ACTIVIDADE	Nº PRAZAS	CUSTO	CUOTA PARTICIPANTES	TOTAL INGRESO PARTICIPANTES
O bosque encantado	200	15.000	40	8.000

Ludoverán en Bouzas	50	2.625	28	1.400
Verán en Samil	260	17.940	40	10.400
Ludoverán en Samil	65	3.152,50	28	1.820
Verán en VigoSónico	250	18.750	40	10.000
Xoga con Vigo	100	7.500	40	4.000
Expedición en Vicus	60	4.140	40	2.400
Verán Mariñeiro	240	15.120	48	11.520
Ludocampamento	200	12.938,55	0	0
Acampada en VigoZoo	100	Con cargo a persoal becario	108	10.800
Verán en VigoZoo	150	Con cargo a persoal becario	30	4.500
Campamento Urbano	450	15.000	0	0
TOTAIS	2.125	112.166,05		64.840

Por todo elo, e en base ao anteriormente exposto, formúlase á **Xunta de Goberno Local** a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- “Aprobar o programa de Campamentos de Verán Xove 2012, redactado polo Servizo de Xuventude en data 3 de maio de 2012, que recolle un total de 2.125 prazas de campamentos e actividades xuvenís para nenos e nenas na cidade de Vigo

O orzamento total das actividades ascende a 112.166,05 euros, dos cales 86.933,55€ deberán ser consignados con cargo á partida 3370 2279912 do orzamento de Xuventude , 7.292,50 € con cargo á partida 2311 2279906 do orzamento de Igualdade e 17.940 € con cargo á partida 4930 2279900 do orzamento da OMIC e a súas bolsas de vinculación, sen que a utilización das outras partidas das bolsas de vinculación afecten ao normal funcionamento dos servizos.

Segundo.- Aprobar o prezo que debe achegar cada participante de conformidade co estudo técnico que se contén no programa.”

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a presente proposta da xefa do Servizo de Xuventude.

33(599).- SOLICITUDE DE PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA “MODIFICADO 1” DA OBRA DE CONSTRUCIÓN DE URBANIZACIÓN DA

RÚA SEVERINO COBAS-LAVADORES. FASE I (RÚA BAGUNDA-TRV. STA. CRISTINA). EXPTE. 1375/440.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

ANTECEDENTES.- Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 24 de maio de 2012, do xefe da área de Fomento, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a prórroga solicitada pola empresa Oreco, S.A. para a obra “Urbanización da Rúa Severino Cobas – Lavadores. Fase I (Rúa Bagunda-Travesía Santa Cristina), pasando a ser o novo prazo de finalización das obras ao próximo 30 de xuño de 2012, non significando incremento sobre o orzamento da obra.

34(600).- SOLICITUDE DE PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA “MODIFICADO 1” DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS-LAVADORES. FASE II (TRV. STA. CRISTINA-BAIXADA A CAPITÁN). EXPTE. 1375/440.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

ANTECEDENTES.- Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 24 de maio de 2012, do xefe da área de Fomento, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a prórroga solicitada pola empresa Eiriña, S.L. para a obra “Urbanización da Rúa Severino Cobas–Lavadores. Fase II (Travesía Santa Cristina–Baixada ao Capitán), pasando a ser o novo prazo de finalización das obras o próximo 30 de xuño de 2012, non significando incremento sobre o orzamento da obra.

35(601).- SOLICITUDE DE PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA “MODIFICADO 1” DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS-LAVADORES. FASE III (BAIXADA A CAPITÁN- ATA O Nº 186). EXPTE. 1394/440.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

ANTECEDENTES.- Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 24 de maio de 2012, do xefe da área de Fomento, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a prórroga solicitada pola empresa CIVISGLOBAL, S.L. para a obra “Urbanización da Rúa Severino Cobas – Lavadores. Fase III (Baixada a Capitán ata o nº

186), pasando a ser o novo prazo de finalización das obras o próximo 29 de xuño de 2012, non significando incremento sobre o orzamento da obra.

36(602).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

am/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.